


# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

**M<sup>a</sup> Luz Corral Uzal**  
Bibliotecaria municipal  
[m.corral@oleiros.org](mailto:m.corral@oleiros.org)

**Biblioteca Central Rialeda**  
Avda. Rosalía de Castro, 227 A  
15172 Perillo - Oleiros  
Tel.: 981 639 511  
[biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)

**Esther Garrido Pan**  
Concelleira de Cultura e  
Normalización Lingüística



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

### SISTEMA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

- ◆ Presentación das bibliotecas. Catálogo dos fondos bibliográficos, páxina web e blog

### ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA LECTURA

- ◆ Homenaxe a Xabier P. DoCampo
- ◆ Viaxando pola noite
- ◆ Cando petan na porta pola noite
- ◆ Cun ollo aberto e...
- ◆ Contos de medo que deixan durmir
- ◆ Un conto de tres noites
- ◆ A nena do abrigo de astracán
- ◆ Planeta Christine
- ◆ Chove miudiño
- ◆ Cantando con Rosalía
- ◆ Voar sen medo
- ◆ De leria con Castelao
- ◆ O corazón delator e outros contos
- ◆ Contos de candil que ninguén cre
- ◆ De Fole a Miranda
- ◆ Campos de Castilla
- ◆ Contos escollidos
- ◆ La voz a ti debida
- ◆ Cen anos de maxia
- ◆ Do fantástico ao neo fantástico: Julio Cortázar
- ◆ Poesía e teatro de Federico García Lorca
- ◆ Miguel Hernández – Poesía
- ◆ XXVIII Campaña de promoción da lectura
- ◆ Saltón no camiño e outras historias de ratiños
- ◆ Rato canguro
- ◆ Mans
- ◆ O paroleiro
- ◆ Cores e persoas
- ◆ O pucheiro da señora Emilia
- ◆ Avó
- ◆ Continentes
- ◆ Oficina de obxectos perdidos
- ◆ Xeografía máxica europea
- ◆ A Odisea
- ◆ Obradoiros de ilustración
- ◆ Micro-BD
- ◆ Sensacións debuxadas: debuxando cos cinco sentidos
- ◆ A B C debuxario
- ◆ Talleres de banda deseñada
- ◆ Viaxe en viñetas
- ◆ Encontros con escritores/as
- ◆ Espectáculo poético visual con Yolanda Castaño
- ◆ Fogóns poéticos: taller de poesía

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

- ◆ O bo, se breve... Achegamento á microficción
- ◆ Pártome e móndome: os textos humorísticos
- ◆ Enxeñería teatral. Taller de escritura
- ◆ Visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda
- ◆ A favor da igualdade: Contos contados con todas e todos
- ◆ Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil
- ◆ Animalíños
- ◆ Contiario
- ◆ Día do Libro
- ◆ *Las Ingeniosas del hidalgo: El Quijote en voces de mujeres*
- ◆ Cervantes Vs Shakespeare
- ◆ Día das Letras Galegas. Escritor homenaxeado: Antón Fraguas
- ◆ Conferencia divulgativa sobre a vida e a obra de Antón Fraguas
- ◆ Roseiras e paxariños
- ◆ Do teu xardín... “marabilla”
- ◆ Antón Fraguas: a memoria dun pobo
- ◆ As Letras das Letras
- ◆ O carteiro en bicicleta
- ◆ Roteiro cultural e literario



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros está formado por unha biblioteca central, situada en Perillo e seis bibliotecas auxiliares localizadas en Santa Cruz, onde está instalado o Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro, Oleiros, Mera, Dorneda, Nós e Lorbé.

Posúen, en total, **436 postos de lectura en sala**, un fondo bibliográfico duns **155.427 libros**, **10.677 DVD** (películas e documentais), **3.756 CD**, **1.099 documentos electrónicos** e **3.156 doutros materiais especiais**, **215 títulos de publicacións periódicas abertas**, **36 ordenadores para consulta pública e gratuíta con acceso a Internet**, **Microsoft Office**, **lector de CD-ROM, CD, DVD e 10 impresoras para a utilización das persoas usuarias**, para servir a unha poboación de **36.046 habitantes**.

Todas as bibliotecas teñen **WI-FI** para conectarse a Internet de forma gratuíta e o seu acceso é libre.

Nas salas de lectura todos os fondos están en acceso directo, polo que calquera persoa pode coller o libro que desexe para consultalo ou lelo dentro da biblioteca. Para levalo en préstamo deberá ser socio/a dalgunha das sete bibliotecas municipais, para isto só necesita cubrir un impreso e xa se lle realiza a tarxeta de lector/a. Desta for-

ma pode levar prestados para a casa un máximo de 10 fondos bibliográficos que poden ser entre: **5 libros + 2 DVD + 2 CD + 1 documento electrónico (CD-Rom...) + 2 revistas + 2 E-Reader**.

O **catálogo** dos fondos bibliográficos pode consultarse a través do catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia

<http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

A **páxina Web** é

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas>.

Tamén poden visitar o noso **blog**:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

ou seguirmos en **Twitter** [twitter@biblloiros](https://twitter.com/biblloiros)

Se comparamos o número de habitantes do municipio co total de libros, comprobamos que os **155.427 volumes equivalen a 4,31 libros por habitante**, o que nos sitúa por riba da media de Galicia.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA LECTURA



### ◆ HOMENAXE A XABIER P. DOCAMPO


*"... Ler e escribir son dúas iniciativas individuais que nos axudan a indagar en nós e, ao mesmo tempo, substáncianse no outro, por medio da entrega, da xenerosidade, do amor. Pero tamén o son contar historias e escoitalas, porque as primeiras palabras feitas instrumento da maxia de albiscar os misterios da vida chegaronme escoitando aquelas historias que contaba meu pai. Aquela cerimonia que axudaba a me instalar na harmonía con todos os que me precederan, que me facía depositario do antigo tesouro da palabra e da imaxe do mundo que ela representaba. Daquela mergullábame nun río que vén de moi lonxe, da memoria máis profunda, aquela que nos arrola a todos cunha gracia duradeira, eterna, infinita. Pero con esta carta quero axudarche a lembrar a responsabilidade que adquirimos cada vez que alguén nos conta unha historia, e que tamén vale para as historias que lemos. Cada vez*

*que somos admitidos a esa cerimonia máxica da narración, na que se nos entrega a palabra cunha xenerosidade e un desprendemento totais, sómolo coa intención de que nos convertamos en narradores desas mesmas historias, en xenerosos doadores da palabra, e así organizar a infinita arañeira de narradores que se van pasando os relatos a través do tempo e do espazo. Faino así e recibirás o pago de seres eterno, porque a túa palabra nunca perecerá. Máis nada por esta. Unha forte aperta"*

Do libro: **Catro cartas** de Xabier P. DoCampo. Anaya.

### PRESENTACIÓN

Queremos lembrar o escritor e amigo Xabier P. DoCampo con diversas actividades e exposicións bibliográficas e convidar a todo o alumnado a que leven os seus libros en préstamo para que gocen coa súa lectura.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## **CANDO O AUTOR FALA DE SI**

*EU TEÑO MEDO...*

*Cando petan na porta pola noite.  
A estar só cando non quero estar só.  
A estar no medio de moita xente.  
A quedar só no mundo.  
A non morrer nunca.  
A morrer pronto.  
A morrer estupidamente nunha estrada.  
A quedar inútil.  
A tolear.  
A que lles pase algo aos meus.  
A que os que quero non me queiran.  
A perder o gusto polas cousas que me gustan.  
A ter que vivir sempre nunha cidade.  
A que non haxa flores.  
A que non haxa animais en liberdade.  
A non poder mirar as estrelas pola noite.  
A non poder mirar a paisaxe no outono.  
Ao mar (desde o mar).  
A mirar un día para o ceo e non ver un paxaro.  
A que non haxa troitas nos ríos.  
A ter que ir á guerra.*

*Á guerra, aínda que non teña que ir.  
Ás almas miserables.*

*Aos que sempre din a verdade.  
Aos que menten sempre.*

*A pasar fame.  
Aos contos de medo.  
Ás películas de medo.*

*A ir ao dentista.  
A montar en avión.  
A non ter medo a nada.  
A ter moito medo.*

*Cando pasa moito tempo sen que ninguén pete na miña  
porta.  
A...*

Do libro: **Cando petan na porta pola noite**  
de Xabier P. DoCampo. Xerais



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ VIAXANDO POLA NOITE

Baseada na obra de Xabier P. DoCampo

*Cando petan na porta pola noite*

A cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira

### DESCRICIÓN

Peza de narración oral baseada na obra *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. DoCampo, coa que ganou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1995.

Na tradición da literatura oral galega, os contos de medo son un xénero moi abundante nos relatos populares, aqueles que se contaban na lareira durante as noites de inverno cando nin a televisión nin a radio acompañaban con imaxes ou voces. Contos que teñen unha maneira especial de ser contados para que os oíntes poidan crelos e, á súa vez, contalos noutra reunión.



### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. DoCampo e fomentar a súa lectura.
- Fomentar a imaxinación.

### DURACIÓN

50 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º curso de ensinanza primaria e de 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Narración oral.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE

De Xabier P. DoCampo

*Cando petan na porta pola noite*

A cargo do contador de contos Caxoto

### DESCRIPCIÓN

Xabier P. DoCampo demostrou ao longo de toda a súa traxectoria posuír unha especial habilidade para recoller a esencia da oralidade galega e trasladala a súa obra. Neste espectáculo farase un percorrido polas historias contidas nun dos seus libros máis premiados *Cando petan na porta pola noite* (Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1995, entre outros galardóns). Nelas exploraremos a Terra Chá natal do autor, as lendas espalladas por toda a súa xeografía, as nosas tradicións...

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. DoCampo e fomentar a súa lectura.
- Fomentar a imaxinación.

### DURACIÓN

50 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º curso de ensinanza primaria e de 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Narración oral.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CUN OLLO ABERTO E...

Baseada na obra de Xabier P. DoCampo

*Cun ollo aberto e outro sen cerrar*

A cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira

### DESCRIBCIÓN

Peza de narración oral baseada na obra *Cun ollo aberto e outro sen cerrar* de Xabier P. DoCampo, formada por 16 relatos breves moi influenciados pola literatura de tradición oral e os contos maravillosos, pero destacando a relación entre realidade e fantasía tan característica do autor.

*O país do inverno:*

*“Cando Lourenzo, que era un gato negro moi fermoso e co pelo moi brillante, quixo ir visita-la súa moza, a gata Requentada, que era unha gatiña branca de pelo moi dondo e cuns bigotes moi longos e moi tesos, atopouse con que non sabía o camiño. Así que foi ve-lo seu amigo Xan Cadelo para que lle axudase a atopa-lo camiño que o levaría ata a casa na que vivía a Requentada...”*



### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. DoCampo e fomentar a súa lectura.
- Fomentar a imaxinación.

### DURACIÓN

50 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Narración oral.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CONTOS DE MEDO QUE DEIXAN DURMIR

A cargo do contador de contos Caxoto

### DESCRICIÓN

Nesta sesión aborda un tema tan difícil para algúns nenos e nenas como é o medo. A través destas historias o alumnado aprenderá unha maneira de afrontar o medo, de rirse del, a sacarlle proveito e a convertelo nunha porta cara un mundo cheo de aventuras e fantasía.

Servirase da música, a imaxe e a maxia nunha sesión onde o público será unha parte máis do espectáculo.

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. DoCampo e fomentar a súa lectura.
- Fomentar a imaxinación.

### DURACIÓN

50 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º curso de ensinanza primaria e de 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Narración oral.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ UN CONTO DE TRES NOITES

De Xabier P. DoCampo

A cargo do contador de contos Caxoto

*"... Pois non é para risas, que algo de razón ten ese home –dixo sen virar a cabeza para os que falaban–. Eu sei dunha illa que anda polo mar adiante desde non se sabe cando. Ás veces pasa moito tempo sen que a vexa ningún..."*

Xabier P. DoCampo

### DESCRIBIÓN

Durante 50 minutos deixarémonos levar polo enigma que fai que unha illa xurda do medio do mar sen previo aviso. Que malos augurios pode traer? Acaso o inmenso mar non gardará alá no fondo historias e segredos que ningún coñece?

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. DoCampo e fomentar a súa lectura.
- Fomentar a imaxinación.



### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 3º a 6º curso de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos.

### ACTIVIDADES

Contacontos.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ A NENA DO ABRIGO DE ASTRACÁN

De Xabier P. DoCampo

A cargo da actriz e contadora de historias Soledad Felloza

### DESCRICIÓN

Para os/as contadores/as de historias Xabier DoCampo é un dos nosos mestres.

A súa derradeira novela é unha loanza aos narradores e narradoras do mundo *“Non son nada sen as palabras que voan no meu ar. Non debo a miña existencia ao sucedido senón ao narrado, verdadeiro artífice do ocorrido”*.

A novela é unha viaxe a esas tardes de cine nas casas parroquiais das aldeas. O percorrido desas películas alongábase coas persoas que logo repetían o argumento en cada casa, cada lugar, cada recuncho. A nena da obra enche os ocos do seu corazón cos mundos que imaxina máis aló da pantalla. Un mundo onde hai xenreiras,



prexuízos, intransixencias, traxedias e un mundo máxico que traspasa a vida cotiá das xentes que ven con asombro o milagre que acontece no corazón da carballeira de Ribadeínsua na segunda metade dos anos 40. Aqueles anos miserentos no económico e no social, menos de dez anos despois da fin da Guerra Civil.

*A nena do abrigo de astracán* e tamén a historia de tres mortes, mortos que moran nos faiados, das casas e das memorias. No medio dese ambiente atafegante no que non se pode falar e *“a memoria dos sucesos permanece por enriba de que as persoas se resistan a lembralos e, máis aínda a relatalos”*. En tempos nos que *“as forzas vivas”* dun pobo pequeno deciden as vidas das persoas, xorde a voz de Susana que sofre por ser orfa, pola madriña, polo irmán que está no seminario a quen non deixan ver. Susana non entende esas mortes. Non pode mirar para outro lado. Descubre que non serve de nada facelo porque os mortos sempre piden xustiza.

Unha Susana que ten un segredo. Mírase no espello até que o que ve non é a súa imaxe reflectida, senón a da súa nai...



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Xabier P. DoCampo e fomentar a súa lectura.
- Propiciar o coñecemento da nosa historia.

## DURACIÓN

1 hora.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado de 3º e 4º de ESO e 1º e 2º de bacharelato dos institutos que a soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten distintos formatos.

## ACTIVIDADES

Narración oral.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ PLANETA CHRISTINE

A cargo da actriz e contadora de historias Soledad Felloza

### DESCRIPCIÓN

Christine Nöstlinger Premio Hans Christian Andersen do ano 1984 e Premio Memorial Astrid Lindgren no 2002, entre outros prezados recoñecementos, deixounos no verán de 2018.

Coa súa literatura chea de ideas progresistas, feministas e anticonsumistas xerou un cambio na literatura infantil e xuvenil mundial.

Autora de textos cheos de ironía, tenrura e humor, é quen de tratar temas reais e de profunda actualidade como a discriminación, o racismo ou as relacións entre as persoas con cantidades inxentes de comedia e calidade literaria.

Segundo as idades do alumnado a sesión incluírá uns títulos ou outros:

## ◆ KONRAD O EL NIÑO QUE SALIÓ DE UNA LATA DE CONSERVAS

A señora Bartolotti vive moi feliz aínda que a xente pense que é unha muller moi rara. Dedicase a facer alfombras na casa e a mercar por catálogo.




Unha mañá chega o carteiro e trae un paquete moi singular, unha lata de conserva, cun neno dentro. De que forma divertida e orixinal a señora Bertolotti coidará o neno?

## ◆ ANA ESTÁ FURIOSA

Ana é unha nena cun gran problema, enfádase moito e por todo. Todo o mundo tenta axudala, e Ana quere cambiar, pero non pode. Será o avó quen atope a solución.

## ◆ ROSALINDE TIENE IDEAS EN LA CABEZA

Rosalinde ten un buratiño na media, un apósito no xeonllo... As persoas fíxanse



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

en moitas cousas de Rosalinde, menos nas súas ideas. Só unha persoa é quen de ver o que acontece na marabillosa cabeza da nena.

## ◆ NIKO, EL PIRATA

Niko mide máis dun metro de altura, así que xa pode navegar a bordo do barco pirata de seu pai. Como marca a tradición algún día Niko tamén será capitán. Pero a Niko gústalle outra cousa, gústalle cociñar e o de navegar igual non entra nos seus sonhos de futuro...



## ◆ AS AVENTURAS DE MINI

Mini é unha nena “cenoria” e na escola moitas veces pásao mal cos compañeiros porque se rin da súa cabeleira roxa. Con moito humor, paciencia e creatividade, ela consegue perder o medo a ir ao cole, é quen de investigar un roubo singular e festexa o seu aniversario cunha chea de amigos e amigas.



## OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Christine Nöstlinger e fomentar a súa lectura.
- Fomentar a imaxinación.

## DURACIÓN

50 minutos.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino que a soliciten. En función da idade do alumnado a contadora narrará distintas obras.

## ACTIVIDADES

Narración oral.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CHOVE MIUDIÑO

A cargo da actriz e contadora de historias Soledad Felloza

### DESCRICIÓN

*“Cómo chove miudiño,  
cómo miudiño chove;  
cómo chove miudiño  
pola banda de Laiño,  
pola banda de Lestrove”* (1)



...  
Chove miudiño no país enteiro, e a choiva non é de auga,  
non:- é de versos!

Versos que se prenden na punta do pé, que debuxan árbores senlleiras, que bailan coas bolboretas e que bulen ao redor dunha nena que *“sube ás ponlas das figueiras e alí déitase a soñar”* (2).

Versos para xogar coas mans

...

*¡Ai!, ¡qué miniña!  
¡Qué nena preciosa!  
Dempóis de lavada  
parese unha rosa.*

*I este miniño  
que teño no colo,  
dempóis de lavado  
parece un repolo.* (1)

...

Versos para levar *“na frente unha estrela, no bico un cantar”* (3).

Dan man dos versos de Rosalía de Castro, viaxaremos ao mundo da poesía e ao segredo agochado nunha caixa de postais, cartas e fotografías.

(1) Da obra: **Cantares Gallegos** de Rosalía de Castro

(2) Do disco: **Rosalía pequeniña** de Uxía

(3) Da poesía: **A Rosalía** de Manuel Curros Enríquez



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Rosalía de Castro e fomentar a súa lectura
- Fomentar a creatividade.

## DURACIÓN

50 minutos.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino que a soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten distintos formatos.

## ACTIVIDADES

Recital de poesías acompañado de narración oral.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CANTANDO CON ROSALÍA

Actividade creativa poético-musical  
A cargo de Carmela Sánchez de Etnoga

### DESCRIPCIÓN

Obradoiro de homenaxe a Rosalía de Castro e á poesía. Trátase dunha actividade creativa poético-musical para poñer en valor a súa obra poética xunto coa música. As persoas participantes gozarán cun xogo a modo de concurso televisivo musicando poemas, cantando cancións populares, facendo coreografías e bailando.

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de poesía e principalmente das obras da ilustre poeta Rosalía de Castro.
- Fomentar a creatividade do alumnado, para pór en valor a súa obra poética xunto coa música.
- Recoñecer o valor da poesía da poeta Rosalía de Castro.

### DURACIÓN

90 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º curso de ensinanza primaria e 1º e 2º curso de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Xogo a modo de concurso televisivo musicando poemas, cantando cancións populares, facendo coreografías e bailando.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ VOAR SEN MEDO

De Agustín Fernández Paz

A cargo da actriz e mestra de teatro Chus Álvarez

### DESCRICIÓN

Actividade a partir do conto *Valados* de Agustín Fernández Paz. Un paseo pola amizade, atravesando muros, da man de Agustín Fernández Paz.



### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer a obra de Agustín Fernández Paz e fomentar a súa lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Descubrir o valor da amizade.
- Traballar o respecto pola diferenza entre as persoas.

### DURACIÓN

Entre 50 e 60 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.



### DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado de 4º, 5º e 6º curso de ensinanza primaria dos centros de ensino público que a soliciten. Só pode participar 1 clase por sesión. Ten distintos formatos para cada idade.

### ACTIVIDADES

1) **Contacontos.** A través do conto *Valados* descubriremos o valor da amizade por riba da diferenza e derrubaremos medos e muros.

2) **Pequeno coloquio.** Sobre a situación do mundo: barreiras visibles e invisibles. Que son e onde están.

**Obradoiro de origami:** Realización de avións de papel simbolizando medos que marchan e desexos que voan para ser cumpridos. Cada neno/a fará o seu avión e escribirá tres cousas na súa pequena obra de papel: o nome do país inventado onde non haxa fronteiras (mesturando dous nomes de países reais- a partir do libro *Sen Fronteiras* de Imapla), un desexo para o mundo e a inicial do seu nome xunto coa de alguén a quen queira moito (como fan os protagonistas de *Valados*).

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ DE LERIA CON CASTELAO

A cargo da Compañía Galeatro

### DESCRIPCIÓN

E se puidésemos pasar un bo rato de lería con Castelao mentres está a escribir unhas supostas memorias da súa vida? Que nos contaría? Nesta viaxe da man do célebre autor descubriremos a súa obra dentro da súa vida: do Castelao neno na Pampa arxentina, ao mozo que se achegaba ao teatro e á caricatura na universidade, do abandono da medicina ás inxerencias que lle producía o estado no que se atopaba a Galiza na que viviu, reflectida na súa obra gráfica e literaria, do desterro a Badaxoz primeiro e a Arxentina despois ata o último Castelao autor de teatro con *Os vellos non deben de namorarse*.

Unha viaxe na que Castelao conta a súa vida a través dos seus textos, cadros e debuxos; alternando o relato con fragmentos destacados da súa obra. Desde o Castelao político, que defende a loita polo Estatuto de Autonomía, ata o Castelao máis sentimental que retrata a crúa realidade na que se atopa Galiza; desde o famoso discurso nas Cortes da II República, ata o autor teatral, pasando por toda a súa obra: *Nós, Retrincos, Os dous de sempre, Sempre en Galiza...*

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras destacadas da literatura galega.
- Dar a coñecer a insigne figura de Castelao e promover a lectura das súas obras.

### DURACIÓN

45 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado de ESO dos centros de ensino público que a soliciten.

### ACTIVIDADES

Actividade teatral de interacción co público, na cal o alumnado terá a oportunidade de falar co autor sobre a súa vida, desde a infancia ata a época adulta.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ O CORAZÓN DELATOR E OUTROS CONTOS

De Edgar Allan Poe

A cargo da actriz Soledad Fellozo

### DESCRICIÓN

Historias de Edgar Allan Poe, cun breve percorrido polos contos máis representativos do autor que revolucionou a literatura gótica, cos seus relatos de medo e terror psicolóxico. Historias de persoas aparentemente normais, sinxelas, de vidas case grises, que se ven envoltas en acontecementos fantásticos, sobrenaturais ou fatídicos, que os levan a situacións límites.



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer a obra do famoso escritor Edgar Allan Poe e promover a súa lectura.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora narra diferentes textos.

### ACTIVIDADES

Segundo as idades do público, nárranse diferentes textos:

*El cuervo*

*El barril de amontillado*

*El corazón delator*

*El engaño del globo*

*El entierro prematuro*

*El gato negro*

*El poder de las palabras*

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

*El pozo y el péndulo*

*El retrato oval*

*La caída de la Casa Usher*

*La carta robada*

*La cita*

*La máscara de la muerte roja*

*La verdad sobre el caso del señor Valdemar*

*Los crímenes de la calle Morgue*

*Manuscrito hallado en una botella*

*Un cuento de las Montañas Escabrosas*



## ◆ CONTOS DE CANDIL QUE NINGUÉN CRE

A cargo de Artestudio Teatro

### DESCRIPCIÓN

Contacontos baseado nas obras **Á lus do candil**, **Contos da néboa** e **Historias que ninguén cre** de **Ánxel Fole**.

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras famosas da literatura galega.
- Dar a coñecer a obra do famoso escritor galego Ánxel Fole e promover a súa lectura.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## DURACIÓN

1 hora.

## TEMPORALIZACIÓN



De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º de ensinanza primaria e ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos.

## ACTIVIDADES

Contacontos realizado a partir da mestura das súas obras **Á lus do candil**, **Contos da néboa** e **Historias que ninguén cre**.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ DE FOLE A MIRANDA

A cargo da actriz e contadora de historias Soledad Felloza

### DESCRICIÓN

Os dous autores comparten territorios. Imaxinarios e físicos. Os lobos, os seres máxicos, a paisaxe...

Ambos os dous, descubren o mundo oculto a través da literatura e abren a porta aos soños, aos pesadelos, ás ilusións e ás fantasías do ser humano.

Actividade baseada en textos de Xosé Miranda e Ánxel Fole:

*Historia dun paraugas azul*

*Pel de lobo*


*Contos Marabillosos*

*Historias que ninguén cre*

*Contos da néboa*

*Á lus do candil*

Escolleranse en cada función contos axeitados á idade do alumnado.



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras literarias galegas.
- Dar a coñecer as obras dos escritores galegos Ánxel Fole e Xosé Miranda e promover a súa lectura.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos.

### ACTIVIDADES

Contacontos baseado en textos de Ánxel Fole e Xosé Miranda.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA


## ◆ CAMPOS DE CASTILLA

De Antonio Machado

A cargo da actriz Soledad Felloza

### DESCRICIÓN

Antonio Machado publica, por primeira vez, esta obra en 1912, pouco antes da morte da súa muller, Leonor Izquierdo. Despois seguiu escribindo poemas que foi incorporando en sucesivas edicións. Pon o acento nas paisaxes de Castela, na súa xente..., pero estas descrições inclúen sempre, de forma máis ou menos explícita, pensamento e emoción. Hai unha busca da esencia, da sinxeleza e da naturalidade.



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a vida do excelente escritor Antonio Machado e promover a lectura das súas obras, principalmente de *Campos de Castilla*.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Recital de diferentes poesías desta famosa obra.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CONTOS ESCOLLIDOS

De Emilia Pardo Bazán

A cargo da actriz Soledad Felloza

### DESCRICIÓN

*Cuentos escogidos* é unha das obras de Emilia Pardo Bazán, pero este título vai permitir agregar outros contos doutros libros, ou incluso partes de *Los pazos de Ulloa* ou de *La última fada*.



### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de obras clásicas da literatura española.
- Dar a coñecer algunha produción literaria de Emilia Pardo Bazán e fomentar a lectura das súas obras.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Narración de contos seleccionados ou partes de obras.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ LA VOZ A TI DEBIDA

De Pedro Salinas

A cargo da actriz Soledad Felloza

### DESCRICIÓN

A autenticidade, a beleza e o enxeño, os tres alicerces da poesía en que cría don Pedro Salinas, fanse verso e voz nesta publicación. *La voz a ti debida* (1933) é o primeiro libro da triloxía de temática amorosa formada por esta mesma obra, *Razón de amor* (1936) e *Largo lamento* (1938). A orixe de *La voz a ti debida*, e da triloxía no seu conxunto, está na historia de amor vivida polo poeta coa profesora norteamericana Katherine R. Whitmore a quen coñeceu en Santander nun curso de verán da universidade.



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a creación poética de Pedro Salinas e promover a lectura das súas obras.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Recital de diferentes poesías desta célebre obra de Pedro Salinas.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CEN ANOS DE MAXIA

Actividade baseada na obra *Merlín e Familia* de Álvaro Cunqueiro

A cargo da actriz Soledad Felloza

### DESCRICIÓN

Narración de historias seleccionadas da obra de Álvaro Cunqueiro *Merlín e familia*.

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras da literatura galega.
- Dar a coñecer o magnífico escritor Álvaro Cunqueiro e promover a lectura dos seus libros.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que a soliciten.

### ACTIVIDADES

Breve biografía.

Narración oral.




# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ DO FANTÁSTICO AO NEOFANTÁSTICO: JULIO CORTÁZAR

A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

### DESCRICIÓN

A partir da lectura dunha selección de textos de Julio Cortázar, levarase ao alumnado a transitar pola historia literaria para comprender o paso da literatura fantástica e de terror –século XIX–, á neo-fantástica –século XX–, que busca abrir novas realidades e borrar as fronteiras entre a orde racional e irracional. Neste camiño desvelarase todo aquilo que une e separa a ambas correntes, para familiarizarse con elas e poder recoñecelas.



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Dar a coñecer o excelente escritor Julio Cortázar e promover a lectura das súas obras.

- Favorecer procesos de creación e expresión escrita.
- Incentivar a creatividade e a imaxinación.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN


De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Taller literario.




# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ POESÍA E TEATRO

De Federico García Lorca

A cargo da actriz Soledad Felloza



### DESCRINCIÓN

#### Poesía:

A poética deste autor andaluz abarca múltiples escenarios, unha senda apracible que pasea ao redor dun xardín, sementado con flores, rosas, azares, xasmíns, fontes, bosques encantados, onde a explicación puramente racional abebera os seus límites e a súa propia sospeita doutro veyro menos coñecido.

Bolboretas, lúas, cores que pintan os versos.

A súa poética vai da man da vella tradición popular e da infancia xogadora da innovación moderna.

Do amor profundo pola contorna á sorpresa polo novo mundo.

Amor, dor, alegría, compromiso.

Selección de poemas das seguintes obras:

*Poema del cante jondo*

*Primeras canciones*

#### *Canciones*

*Romancero gitano*

*Poeta en Nueva York*

*Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*

*Seis poemas gallegos*


*Diván del Tamarit*

*Sonetos del amor oscuro*

*Cantares Populares*

#### Teatro (lectura dramatizada):

O teatro de Lorca é, co de Valle-Inclán, o de maior importancia escrito en castelán no século XX. É un teatro poético, no sentido de virar en torno a símbolos centrais -o sangue, o coitelou ou a rosa-, desenvolverse en espazos míticos ou dun realismo transcendido, e encarar problemas substanciais do existir. A linguaxe, aprendida en Valle-Inclán, é tamén poética. Sobre Lorca inflúen tamén o drama modernista (de aquí deriva o uso do verso), o teatro lopesco (evidente, por exemplo, no emprego organizado da canción popular), o calderoniano (desmesura trágica, sentido da alegría) e a tradición dos monicreques.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

Selección de escenas das seguintes obras:

*Mariana Pineda*

*La Zapatera prodigiosa*

*Bodas de sangre*

*Yerma*

*Doña Rosita la soltera, o el lenguaje de las flores*

*La casa de Bernarda Alba*

## OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras de poesía e de teatro.
- Dar a coñecer a poesía e o teatro de Federico García Lorca e promover a lectura das súas obras.

## DURACIÓN

1 hora.

## TEMPORALIZACIÓN


De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

## ACTIVIDADES

Recital de poesía e lectura dramatizada de partes das principais obras de Federico García Lorca.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ MIGUEL HERNÁNDEZ - POESÍA

A cargo da actriz Soledad Felloza

### DESCRINCIÓN

Pasaron 76 anos da morte de Miguel Hernández e os seus versos seguen sendo necesarios e actuais.

#### *Tristes guerras*

*Tristes guerras  
si no es amor la empresa.  
Tristes, tristes.*

*Tristes armas,  
si no son las palabras.  
Tristes, tristes.*

*Tristes hombres,  
si no mueren de amores.  
Tristes, tristes.*



Quen o coñeceu destacaba a súa xentileza e a súa arte innata para expresar o máximo coas mínimas pala-

bras. Miguel Hernández, un dos poetas e dramaturgos de maior relevancia que terá a cultura española. Aínda que tradicionalmente foi encadrado na xeración do 36, o poeta mantivo unha maior proximidade coa xeración anterior ata o punto de ser considerado por Dámaso Alonso como “xenial epígono” da xeración do 27. Hernández intentou abandonar o país tras tomar parte activa na Guerra Civil. Por desgraza foi descuberto na fronteira con Portugal, onde foi detido e sentenciado a morte. A súa condena foi conmutada por unha pena de 30 anos de prisión, pero xamais chegou a cumprila xa que a tuberculose acabou co artista o 28 de marzo de 1942.

#### *Todo está lleno de ti*

*... Por las calles voy dejando  
algo que voy recogiendo:  
pedazos de vida mía  
venidos desde muy lejos.*

*Voy alado a la agonía  
arrastrándome me veo  
en el umbral, en el fondo  
latente del nacimiento...*

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a vida e a creación poética de Miguel Hernández e promover a lectura das súas obras.

## DURACIÓN

50 minutos.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.


## DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

## ACTIVIDADES

Breve biografía.

Recital dunha selección de poemas.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ XXVIII CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

### DESCRICIÓN

O gusto e o amor pola lectura non é innato, aínda que nesta se atopen condicións e medios de desenvolverse a persoa. A aprendizaxe do/a neno/a que non se sente inclinado a ela esixe ás veces un verdadeiro esforzo, polo que os distintos entes educativos e culturais, como son neste caso as bibliotecas, debemos promover o gusto pola lectura, xa que se trata dun medio indispensable para adquirir cultura. Debemos traballar por despertar unha sensibilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura dun bo libro, que os/as nenos/as e mozos/as vexan que tamén se poden divertir lendo, mostrar a diversidade que existe nos libros, onde se pode encontrar todo tipo de información, segundo os intereses e afeccións de cada individuo.

Por este motivo emprendemos este curso unha nova campaña de promoción da lectura co fin de que o alumnado dos centros de ensino público deste concello adqui-

ran gusto pola lectura e amor polos libros, así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen no horario en que non permanecen nos respectivos centros de ensino.

### OBXECTIVOS

- Coñecer algunhas das bibliotecas do Concello de Oleiros.
- Potenciar a asistencia ás bibliotecas municipais, non só como lugar de estudo e consulta, senón tamén como centros de lectura lúdica.
- Espertar o gusto pola lectura, de forma que vexan os libros como algo ameno, cos que poden pasar bos momentos ao mesmo tempo que se instrúen e amplían os seus coñecementos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

- Achegarnos pola vía da animación aos sectores menos dados á lectura, a aqueles/as nenos/as, adolescentes e mozos/as que non senten ningún interese por esta.
- Favorecer procesos de creación e expresión oral e escrita.
- Fomentar unha lectura lúdica, crítica e reflexiva que faga pensar e reflexionar como persoas máis libres e solidarias.
- Vivir o libro en colectividade, enriquecéndose cunha lectura activa e participativa.
- Promover a reflexión nos diferentes axentes educativos sobre a importancia da lectura como un enriquecemento individual e colectivo.
- Incidir na importancia dos libros de contos, narracións e historietas no desenvolvemento da imaxinación e creatividade dos nenos/as, adolescentes e mozos/as.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado dos centros de ensino público que o soliciten.

## LUGARES DE REALIZACIÓN

- Biblioteca Central Rialeda en Perillo.
- Biblioteca P. Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.
- Biblioteca P. Municipal Manuel María, en Oleiros

## MONITORAS/ES

Contratarase persoal específico para cada actividade.

## ACTIVIDADES

En función das necesidades e da programación de cada centro realizaranse actividades específicas para os distintos cursos que o soliciten:

- Presentación da biblioteca e explicación do seu funcionamento.
- Contacontos.
- Narración ou dramatización de contos, a través dun enfoque lúdico e dunha vivencia activa cos libros.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA



**Contacontos de:** Pablísimo, Chus Álvarez, Ramiro Neira, Soledad Felloza, Caxoto, Charo Pita, Paula Carballera, Elefante Elegante e a Compañía Trinke-Trinke



## ◆ SALTÓN NO CAMIÑO E OUTRAS HISTORIAS DE RATIÑOS

A cargo do actriz e contadora de contos Charo Pita

### DESCRICIÓN

Arnold Lobel é un magnífico creador de historias para o público infantil. Os seus contos de ratiños ou os personaxes de Sapo e Sepo son magníficos exemplos de narración onde a través de circunstancias cotiás e de feitos e perseguidores en aparencia miúdos fálanse de temas universais como a amizade, a soledade, a empatía, a solidariedade e o coñecemento dun mesmo... Nesta sesión de contos traballaremos sobre textos deste autor e ilustrador utilizando pequenos relatos tomados dos seus libros. Deixamos aquí unha ampla bibliografía para o seu mellor coñecemento.

Agradeceríamos que o achegamento por parte dos nenos e nenas aos textos escritos se fixese despois da sesión de contos para evitar que coñezan as historias antes de escoitalas. O factor sorpresa sempre é importante na comunicación oral.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

Contos que se utilizarán en función do alumnado:

*Contos de ratiños*. Ed. Kalandraka

*Saltón no camiño*. Ed. Kalandraka

*Sopa de rato*. Ed. Kalandraka

*O porquiño*. Ed. Kalandraka

*Tío elefante*. Ed. Kalandraka

*Búho en casa*. Ed. Ekaré

*Sapo y Sepo son amigos*. Ed. Santillana

*Sapo y Sepo inseparables*. Ed. Santillana

*Sapo y Sepo un año entero*. Ed. Santillana

*Días con Sapo y Sepo*. Ed. Santillana

## OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Dar a coñecer a obra de Arnold Lobel e fomentar a súa lectura.
- Promover a imaxinación e a visión lírica e lúdica do mundo.

## DURACIÓN

45 minutos.

## TEMPORALIZACIÓN



De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos de 3, 4 e 5 anos dos centros de ensino público que o soliciten.

## ACTIVIDADES

Contacontos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ RATO CANGURO

A cargo de TrinkeTrinke Teatro

### DESCRICIÓN

Aínda que as institucións educativas nos últimos anos evolucionaron na súa tarefa cara a modelos de igualdade, libres de prexuízos de xénero, aínda son habituais en distintos contextos socioculturais exemplos que perpetúan unha educación desigual chea de estereotipos. A literatura infantil non é allea a este problema que se manifesta moi claramente nos contos coñecidos como “marabillosos” ou “clásicos”. Así, raramente os personaxes femininos aparecen como donos do seu destino ou adornados de características como a valentía ou o espírito aventureiro, antes ben, aparecen vencellados e subordinados a personaxes masculinos que aparecen como suxeitos necesarios para “completar” ou dar sentido á existencia feminina. Entendendo o respecto como unha disposición a admitir nas demais persoas unha maneira de ser e obrar distinta



da propia, ou como unha actitude de aceptación do pluralismo. Trátase dun valor esencial que debemos promover e estimular na sociedade, xa que nos pode axudar a resolver conflitos, a ter unha convivencia sa coas demais persoas e a romper coa cultura individualista que impera na actualidade, e que xera tantos desacordos e actos de violencia. Cabe remarcar que existen límites. Non debemos “deixar pasar” ou permitir determinados actos, que atenten contra a integridade das persoas ou os seus dereitos.

Nesta sesión preténdese dar unha mensaxe igualitaria e de co-responsabilidade no tema dos coidados.

*O rato Fuco visita hoxe a biblioteca acompañado dun bebé ao que ten que coidar: chámase Cochín, e é o fillo duns amigos seus que se chaman Lene Marta e Tomás, porcos protagonistas do conto “Suave y Calentito”, de Bijou Le Ford.*

*Lene Marta traballa fóra da casa e Tomás hoxe non pode atender ao pequeno porque ten que ir ao veterinario. Así pois, o rato Fuco é o elixido para facerse cargo de Cochín.*

*Durante a estada na biblioteca, daralle de comer, lavarao e cambiaralle o cueiro, contaralle contos e mesmo lle cantará un arrollo para adormecelo.*

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

Contos que se utilizarán:

*Suave y calentito*. Texto e ilustracións de Bijou Le Ford; tradución de María Puncel. Ed. Altea

*Héctor, el hombre extraordinariamente fuerte*. Magali Le Huche. Ed. Adriana Hidalgo.

## OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Fomentar valores de igualdade entre nenas e nenos.
- Promover a coeducación (educación non sexista)
- Romper cos roles ou estereotipos de xénero.
- Impulsar a corresponsabilidade nos coidados.
- Proporcionar un modelo masculino de coidador de outros/as.

## DURACIÓN

45 minutos.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos de 4 e 5 anos dos centros de ensino público que o soliciten.

## ACTIVIDADES

Contacontos teatral.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ MANS

A cargo do actor e contador de contos Pablísimo

### DESCRICIÓN

Unha actividade onde as mans non pararán de falar.

*Mans* é un espectáculo de teatro e narración oral onde as historias se contan con palabras e as personaxes aparecen nas mans.



Contos populares, contos de creación propia, fábulas e xogos coas mans... son dramatizados con sombras chinesas, monicreques, luvas... e moita imaxinación!

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Fomentar a imaxinación.

### DURACIÓN

40 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos desde 3 a 9 anos dos centros de ensino público que o soliciten. Ten diferentes formatos para cada idade.

### ACTIVIDADES

Contacontos.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ O PAROLEIRO

A cargo do actor e contador de contos Pablísimo

### DESCRIBIÓN

*O paroleiro é moi amigo de parolar..., gusta de laretar, enredar, falar e contar. Narra sucedidos, historias e sobre todo moitos contos que leva na súa memoria, nas súas maletas, nos seus petos e nos seus zapatos...*

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Espertar a curiosidade polos libros.
- Coñecer contos tradicionais e contos contemporáneos.

### DURACIÓN

40 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos desde 4 a 9 anos dos centros de ensino público que o soliciten. Ten diferentes formatos para cada idade.

### ACTIVIDADES

Contacontos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CORES E PERSOAS

A cargo de TrinkeTrinke Teatro

### DESCRICIÓN

Podemos entender o respecto como unha disposición a admitir nas demais persoas unha maneira de ser e obrar distinta da propia, ou como unha actitude de aceptación do pluralismo. Trátase dun valor esencial que debemos promover e estimular na sociedade, xa que nos pode axudar a resolver conflitos, a ter unha convivencia sa coas demais persoas e a romper coa cultura individualista que impera na actualidade, e que xera tantos desacordos e actos de violencia. Cabe remarcar que existen límites. Non debemos “deixar pasar” ou permitir determinados actos, que atenten contra a integridade das persoas ou os seus dereitos.

Coa presente actividade pretendemos inculcar valores de respecto cara á diversidade, substancia da que se nutre a democracia, a convivencia e o exercicio dos dereitos hu-



manos, poñendo en evidencia o maltrato que sofren as nenas e nenos vítimas de **acoso escolar**. Pretendemos sentar as bases no noso público para erradicar esta lacra da escolas.

O tema central desta sesión é o valor do respecto á diversidade, ao diferente.

Esta temática tratarase desde dous contos: o primeiro sobre roles e estereotipos de xénero e o segundo sobre o acoso escolar.

Tamén serán dramatizadas, por parte dun grupo de nenas e nenos do público, unhas escenas que nos axudarán a empatizar e comprender os sentimentos daquelas persoas que nalgún momento da súa vida son marxinadas por seren consideradas diferentes ou “raras”. E aprenderemos unha canción que fala destes temas desde un lugar positivo, lúdico e divertido.

*A gran Lili Gruyère vén dunha xira polos EEUU da que trae moitos agasallos para os demais ratiños e ratiñas de Lonxedetodo. Por suposto, na súa maleta tamén houbo sitio para varios libros de contos, que loxicamente compartirá con nós!*

*E algo máis: vainos amosar unha das cancións do seu repertorio, que sempre utilizan na súa aldea para resolver*

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

*problemas. Así que hoxe toca rematar o noso encontro cantando e bailando!*

Contos que se utilizarán:

*Pearl Power* de Mel Elliot. Ed. I love Mel

*¿Qué le pasa a Uma?* de Raquel Díaz Reguera. Ed. Bella-terra

## OBXECTIVOS

- Fomentar valores de respecto cara á diversidade.
- Promover o valor da non-violencia, dando importancia e poder a cada ser humano.
- Favorecer a autoestima das nenas e nenos que sofren acoso por non ser “como os demais”.
- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.

## DURACIÓN

45 minutos.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos de 6 e 7 anos dos centros de ensino público que o soliciten.

## ACTIVIDADES

Contacontos teatral.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ O PUCHEIRO DA SEÑORA EMILIA

A cargo do actriz e contadora de contos Charo Pita

### DESCRIBIÓN

A señora Emilia atopou un pucheiro moi especial onde cociña caldos e guisos imposibles e a mellor marmelada que xamais probastes. Pero a señora Emilia é moi agradecida e préstao a quen o precisa. É por isto que o pucheiro vai de casa en casa e en cada unha atopa alguén diferente con algo único que contar.

E estas son as historias de aquí e de alá, de medo e de risa, tristes e enxeñosas que lles aconteceron aos personaxes aos que deixou o pucheiro a señora Emilia.

Espectáculo de narración oral para crianzas no que, a partir da historia de Gianni Rodari, “*Apolonia, a das marmeladas*”, que aparece no seu li-



bro *Contos por teléfono* vanse encadeando historias do mesmo autor, e outros contos como *A rúa da tixola*, de Charo Pita.

Ao longo da sesión introduciranse elementos da *Gramática da fantasía* de Gianni Rodari para animar o alumnado a xogar cos finais dalgunhas historias.

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Estimular o traballo en equipo e a solidariedade.
- Traballar o valor de coñecerse a si mesmo.
- Promover a narración de historias.
- Educar en valores.

### DURACIÓN

50 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos de 1º e 2º curso de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

## ACTIVIDADES

Contacontos.



## ◆ AVÓ

A cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira

## DESCRICIÓN

*Cando era pequeno, lembro que xogaba co meu pai os venres pola tarde, os sábados e os domingos; pasou un tempo e xogaba co meu pai os sábados e os domingos; pasou un tempo e só xogaba con el os domingos. Un domingo atopei a meu pai vestido para ir traballar e díxenlle- “Que fas!. Hoxe é o día de xogar xuntos”. O meu pai miroume e contestoume- “Es pequeno, aínda non o entendes, se vou traballar é para poder ter máis cousas, para ter unha casa máis grande e para poder facer máis cousas xuntos”. “Facer máis cousas xuntos!, claro papá se é para facer máis cousas xuntos, marcha, que eu estarei esperando”. Respondín.*





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

*E estiven esperando polo meu pai... pero non esperei só, sempre estivo ao meu carón o meu avó, o meu avó Secundino.*

*“Avó” é unha peza de teatro unipersonal onde o protagonista lembra todos os momentos, vivencias e ensinanzas que compartiu co seu avó, que xa non está...*

## OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Valorar os nosos maiores e os seus coñecementos.
- Resaltar a figura dos avós.

## DURACIÓN

50 minutos.

## TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

## DESTINATARIAS/OS

Dirixido a alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

## ACTIVIDADES

Contacontos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CONTINENTES

A cargo da actriz e mestra de teatro Chus Álvarez

### CONTOS DO MUNDO EN PEQUENAS MALETAS UN MUNDO DE CONTOS PARA NENOS E NENAS

#### DESCRICIÓN

Levarase a cabo un contacontos onde se exporán, a través da narración oral, lendas do mundo:

Unha de África que explica a orixe dun eclipse de lúa.

Unha de Oceanía que explica quen é o paxaro Kiwi.

Unha de Europa, un clásico para cantar e xogar co corpo.

Unha dobre de América, polo Norte e polo Sur.

Unha de Asia que explica o que é un rumor.

E da Antártida non contará nada porque fai tanto, tanto frío, que non hai quen conte contos...



#### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Estimular a curiosidade cara ás lendas doutros países e os seus costumes.

#### DURACIÓN

45 minutos.

#### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

#### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten distintos formatos.

#### ACTIVIDADES

Contacontos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ OFICINA DE OBXECTOS PERDIDOS

A cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira

### DESCRICIÓN

*Por que os máis pequenos/as e os que non o somos tanto gardamos un cacho de papel, unha canaveira queimada dos foguetes que tiran nas festas, unha concha recollida na praia, unha flor, unha pedra, un cacho de tea...? Todos son obxectos que imos xuntando nunha caixa. Por que os nosos pais e nais queren que tiremos eses recordos se eles mesmos gardan unha caixa semellante á nosa?*

*Esas caixas non só gardan obxectos, gardan historias dos invernos na aldea, das festas do pobo, dos veráns na praia. Moitas veces esas lembranzas desaparecen na esquina da parte alta dun moble, ata que un día sen querer, buscando outra cousa, atopamos a caixiña, abrímosa, e todas esas historias brotan outra volta no noso pensamento.*

Nestas sesións de contacontos Ramiro Neira aparece cunha caixiña, a súa propia, chea de obxectos perdidos dos que brotarán un sen fin de contos.

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Educar en valores.

### DURACIÓN

50 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Contacontos.




# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ XEOGRAFÍA MÁXICA EUROPEA

A cargo da actriz e contadora de contos Charo Pita

### DESCRICIÓN

Sesión de contos na que falaremos dos seres míticos que poboan Europa, desde Rusia ata Galicia: bruxas, serpes, monstros, lamias e xigantes que habitan os bosques, lagos, mares e montañas. Para o seu desenvolvemento utilizaremos versións de historias recollidas nos libros *Dicionario dos seres míticos galegos* de Antonio Reigosa, *Geografía mágica* de Ana Cristina Herreros, *Libros de las brujas* e *Libro de los monstruos españoles* da mesma autora. Tamén versións de relatos tradicionais sobre a Bruxa Babayaga.



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.

- Favorecer o coñecemento de diferentes tradicións orais.
- Promover a imaxinación e a visión lúdica e lírica do mundo.
- Coñecer culturas afastadas da nosa.
- Estimular a narración de historias.
- Educar en valores.

### DURACIÓN

55 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos de 3º e 4º curso de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Contacontos.




# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ A ODISEA

A cargo da actriz e contadora de contos Charo Pita

### DESCRIBIÓN

Na Odisea de Homero está o nacemento da novela e das historias tal e coma hoxe as concibimos. Na súa orixe, estes relatos correron de boca a orella e serviron como base para unha parte importante do imaxinario occidental. De feito, algúns dos personaxes que os nenos e nenas coñecen a través de películas e videoxogos (o cíclope, as sereas, Circe, Ulises...), están baseados neles. Nesta proposta traeremos de novo á oralidade, adaptadas para estas idades, algunhas das historias máis salientables da Odisea para introducir á rapazada no coñecemento do mundo helénico, da súa mitoloxía e dos seus personaxes e feitos máis destacables.



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.

- Animar á escoita de historias.
- Favorecer o coñecemento da literatura e da mitoloxía grega.
- Promover a imaxinación e a visión lúdica e lírica do mundo.
- Coñecer culturas afastadas da nosa.
- Estimular a narración de historias.
- Educar en valores.

### DURACIÓN

55 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Contacontos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN

### DESCRIPCIÓN

Preténdese dar a coñecer diferentes ilustradoras e ilustradores galegos.

Realizaranse talleres de ilustración a través dos cales as nenas e os nenos poidan analizar distintos tipos de ilustracións.



### OBXECTIVOS

- Aprender diferentes técnicas de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Que observen e analicen as diferentes ilustracións que aparecen nos libros.

### ILUSTRADORAS/OS

Contrataranse ilustradores/as en función das programacións cos centros de ensino: Marina Seoane, Xosé Tomás, Fran Bueno, Óscar Villán, Marisa Irimia, etc.

### DURACIÓN

Dependendo do/a ilustrador/a pode durar 60, 90 ou 120 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Para o alumnado de 3º a 6º curso de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o ilustrador ten distintos formatos.



### ACTIVIDADES

Obradoiros de ilustración.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ MICRO-BD

Obradoiro de microhistorias en banda deseñada

A cargo do ilustrador Miguel Cuba

### DESCRICIÓN

O taller comprende o proceso completo da creación dunha microhistoria en viñetas: ideación do relato, planificación da historia nun “*storyboard*” e a realización final. O taller introduce ao alumnado na realización de microhistorias e no humor gráfico. Empregaranse unhas “*plantillas*” preestablecidas, de formato cadrado, co obxectivo de que unha vez rematadas estean adaptadas para a publicación directa do traballo, tanto en Instagram e outras redes sociais como nun fanzine autoeditado.



### OBXECTIVOS

- Aprender diferentes técnicas de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Obter uns sinxelos coñecementos para a creación de microhistorietas.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Para o alumnado de 6º curso de ensinanza primaria e de 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Obradoiro de microhistorias en banda deseñada.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ SENSACIÓNS DEBUXADAS: DEBUXANDO COS CINCO SENTIDOS

A cargo do ilustrador Manel Cráneo

### DESCRICIÓN

O debuxo é a linguaxe universal. A esencia dos alfabetos está no propio debuxo e con calquera elemento debuxado podemos transmitir unha mensaxe en calquera parte do mundo. O debuxo está na arquitectura, no deseño, na sinalética, nos libros, nas artes escénicas e audiovisuais, nos envoltorios de produtos de todo tipo, nos estudos arqueolóxicos e nun infinito número de lugares que nos rodean cada día. Laboratorio de debuxo creativo no que, a través dos cinco sentidos, se experimenten sensacións que logo se deben traducir á linguaxe do debuxo. Cunhas breves noicións e trucos básicos para aprender a debuxar e partindo de formas xeométricas moi sinxelas. A intención é ensinar que o debuxo, igual que a escritura, é unha ferramenta ao alcance de todos/as para comunicarse e resolver problemas e ademais pode converterse nunha saída profesional. A través de diferentes experimentos de debuxo, traballados a partir do oído, o gusto, o tacto, a vista e o olfacto, os rapaces aprenden a expresarse mediante o debuxo cos cinco sentidos.

### OBXECTIVOS

- Aprender noicións básicas de debuxo.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Observar e analizar diferentes debuxos que aparecen nos libros.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Para o alumnado de 3º a 6º curso de ensinanza primaria e de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado hai diferentes formatos.

### ACTIVIDADES

Obradoiros de ilustración.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ A B C DEBUXARIO

Obradoiro exprés de ilustración

A cargo do ilustrador Miguel Cuba

### DESCRICIÓN

Gustaríache facer as túas ilustracións pero non sabes por onde comezar?

Todos podemos debuxar, só precisamos unhas pequenas pautas e un empurrón para perder o medo. Este obradoiro parte da base de que o debuxo é unha linguaxe máis, e como tal, todos podemos comunicarnos con el, adaptando o nivel de complexidade ás nosas capacidades. Cunhas sinxelas claves e varios exercicios moi lúdicos, todo o alumnado deste obradoiro, partindo de calquera nivel, aprenderá a sacar o maior partido ás súas destrezas para comunicarse mediante unha linguaxe visual.

### OBXECTIVOS

- Aprender diferentes técnicas de debuxo e de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Para o alumnado de 6º curso de ensinanza primaria e de 1º a 4º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado hai diferentes formatos.

### ACTIVIDADES

Obradoiro de ilustración.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ TALLERES DE BANDA DESEÑADA

### DESCRIPCIÓN

Levaranse a cabo talleres de banda deseñada para que aprendan os aspectos básicos do cómic. Para o alumnado que o curso anterior realizase a sesión de iniciación poderase programar para este unha de perfeccionamento.



### OBXECTIVOS

- Aprender diferentes técnicas para a realización dun cómic.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Promover a lectura de obras de banda deseñada.

### ILUSTRADORES/AS

Contrataranse ilustradores/as en función das programacións cos centros de ensino: Xosé Tomás, Fran Bueno, Manel Cráneo etc.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Para o alumnado de 5º e 6º curso de ensinanza primaria e de ESO dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o ilustrador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Talleres de banda deseñada.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ VIAXE EN VIÑETAS

A banda deseñada como caderno de viaxe

A cargo do ilustrador Miguel Cuba

### DESCRICIÓN

Nesta actividade que busca a participación activa do alumnado, presentaranse os distintos métodos de narración da viaxe e o percorrido, prestando especial atención á tradición do caderno de viaxe. Ademais, amosarase o importante papel que o cómic está a xogar actualmente nas novas narrativas da viaxe e analizaranse as similitudes e diferenzas entre esta linguaxe e a do tradicional caderno.

### OBXECTIVOS

- Aprender diferentes técnicas de ilustración.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Coñecer distintos métodos de narración dunha viaxe a través de viñetas.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Para o alumnado de 4º de ESO e de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Obradoiro de banda deseñada.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ ENCONTROS CON ESCRITORES/AS

### DESCRICIÓN

Encontros literarios con escritores e escritoras, para dar a coñecer e promover os nosos autores e autoras e as súas obras.

### OBXECTIVOS

- Poñer en contacto o lectorado co autor ou autora dun xeito ameno e creativo.
- Descubrir a forma de escribir dos distintos profesionais.
- Presentar e dar a coñecer distintas obras e autores/as.
- Animar á lectura das súas obras.



### ESCRITORAS/ES

Realizase a actividade en función das programacións e do/a autor/a que solicite cada centro de ensino. **É imprescindible que o alumnado lea algunha obra do/a autor/a seleccionado/a.**

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Para alumnado de ensinanza primaria (a partir de 3º curso), ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Encontros literarios.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ ESPECTÁCULO POÉTICO VISUAL

A cargo da poeta Yolanda Castaño

### DESCRIBIÓN

Un dos rostros máis coñecidos da poesía galega nun novo e atractivo xeito de comunicar os seus versos relacionándoos coa linguaxe visual e as novas tecnoloxías. Unha moderna posta en escena, capaz de conectar mesmo con públicos pouco versados no xénero poético.



### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Dar a coñecer a obra poética de Yolanda Castaño e fomentar a súa lectura.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN



De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Espectáculo poético visual.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ FOGÓNS POÉTICOS

Taller de poesía

A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

### DESCRIPCIÓN

Para poder moverse con soltura por unha cociña e elaborar deliciosas e persoais receitas, será preciso coñecer primeiro os ingredientes, descubrir as súas características e aprender as súas posibles combinacións. Así, o que se pretende neste taller é iniciar o alumnado no guiso da poesía. A través de exemplos prácticos e modelos, lecturas de poemas e algunhas directrices, os alumnos e as alumnas intentarán descubrir as súas propias vías de expresión para a elaboración de poemas.

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Estimular a creación poética.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 4º de ESO e de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Taller de poesía.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ O BO, SE BREVE...

### Achegamento á microficción

A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

### DESCRICIÓN

A partir da lectura dunha significativa selección de textos, exploraranse de modo colectivo, a definición do xénero, os seus antecedentes, a súa tradición, as súas características ou a súa actual difusión grazas ás novas tecnoloxías, en espazos como Twitter. O alumnado descubrirá como se fai literatura desde a brevidade e a condensación, con poucas palabras.

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Favorecer procesos de creación e expresión escrita.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 3º e 4º de ESO e de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Taller de escritura.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ PÁRTOME E MÓNDOME...

Os textos humorísticos

A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

### DESCRICIÓN

Esta actividade pretende suscitar unha reflexión en torno ao humor, e cales son os elementos que nos moven á gargallada e ao modo en que iso se expresa coa linguaxe. Os estudantes terán ocasión de descubrir os diferentes tipos de textos humorísticos, reflexionar sobre os elementos que os conforman e recoñecer algunhas desas estratexias en obras de literatura.

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Favorecer procesos de creación e expresión escrita.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Taller de escritura.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ ENXEÑERÍA TEATRAL

Taller de escritura

A cargo da poeta e licenciada en filoloxía hispánica María Isabel Andrés Llamero

### DESCRICIÓN

Neste taller o alumnado poñerase a traballar tras as bambolinas para que sexa capaz de construír coas súas propias palabras, a modo de *ladrillos*, imaxes da vida. A través de certas técnicas, pautas e regras achegarase á práctica da escritura de escenas teatrais, que desembocará na posta en común dos textos e nun traballo conxunto sobre a linguaxe escénica e as súas posibilidades.

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de obras de teatro.
- Adquirir algúns coñecementos para a escritura de escenas teatrais.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.



### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 2º de bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Taller de escritura de escenas teatrais.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ VISITAS GUIADAS Á BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA

### DESCRIPCIÓN

Con esta actividade preténdese ensinar e explicar o funcionamento da Biblioteca Central Rialeda, para que o alumnado a utilice fóra do seu horario escolar.



### OBXECTIVOS

- Coñecer a Biblioteca Central Rialeda.
- Presentar a páxina web municipal e o blog das bibliotecas.
- Aprender a realizar buscas no catálogo.
- Fomentar o uso do libro e a lectura.

### DURACIÓN

2 horas.

### TEMPORALIZACIÓN


Meses de outubro a decembro e de febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Realizaranse visitas para todo o alumnado que o solicite dos diversos centros, pero recoméndanse preferentemente para os de 5º e 6º curso de ensinanza primaria e ESO.

### ACTIVIDADES

- Presentación.
- Explicación do funcionamento da biblioteca.
- Páxina web e blog.
- Como buscar libros a través do catálogo?
- Contacontos *Feirantes* a cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira. Realizado a partir da adaptación dun relato da obra *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ A FAVOR DA IGUALDADE CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Realización de exposicións bibliográficas na Biblioteca Central Rialeda e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz

## CONTOS CONTADOS CON TODAS E TODOS

A cargo do contador de contos Caxoto

### DESCRICIÓN

Contacontos no que se tratan os relatos desde un punto de vista non sexista, desmontando moitos mitos adquiridos e facendo reflexionar a todas as nenas e nenos.

As personaxes comprenden a importancia da igualdade de xénero, desempeñan roles



non moi usuais..., ensinan que todas e todos debemos ter as mesmas oportunidades.

### OBXECTIVOS

- Dar a coñecer o Día Internacional da Muller e a súa importancia.
- Reflexionar sobre temas e libros relacionados coa muller.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

Mes de marzo.

### DESTINATARIAS/OS

Alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. O contador ten diversos formatos para as distintas idades.

### ACTIVIDADES

Contacontos no que se tratan os relatos desde un punto de vista non sexista, desmontando moitos mitos adquiridos e facendo reflexionar a todas as nenas e nenos.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

### DESCRIPCIÓN

Conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

### OBXECTIVOS

- Dar a coñecer autores/as e obras infantís e xuvenís.
- Promover a lectura entre os nenos e nenas.
- Difundir libros infantís e xuvenís que hai nas bibliotecas.



### TEMPORALIZACIÓN

Semanas anteriores e posteriores ao 2 de abril.

### DESTINATARIAS/OS

Alumnado de educación infantil e ensinanza primaria.

### ACTIVIDADES

- Exposición de obras de literatura infantil e xuvenil.
- Narración oral.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ ANIMALIÑOS

A cargo do actor Ramiro Neira

### DESCRIBIÓN

No mes de abril estamos de celebración! O dous de abril é o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e o vinte tres do mesmo mes o Día Mundial do Libro. Ímolo celebrar con “*Animaliños*”, peza de narración oral na que se contan e dramatizan contos da tradición oral de todo o mundo. Contos de Venezuela, de Quenia, de Rusia...

A través das historias que imos contar, queremos que o público, axudado pola súa imaxinación abandone o colexio... e viaxe ao bosque... Podemos ver como os animais solucionan os seus problemas, como conviven...

Imos coñecer a Gata Kisha, unha tartaruga moi intelixente, unha urraca moi lambona, un coello e a loro que teñen unha granxa...



### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar a escoitar historias. Coñecer culturas afastadas da nosa.
- Estimular a narración de historias.

### DURACIÓN

50 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

Semanas anteriores e posteriores ao 2 de abril.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

- Contacontos.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CONTIARIO

A cargo do actor e contador de contos Pablísimo

### DESCRICIÓN

Pasen e vexan! Pasen e escoiten!... Achéguese aos contos máis raros, interesantes e exóticos do mundo! No *Contiario* collen todo tipo de contos: contos que empezan ao revés, contos con moitos finais, contos de nunca rematar, fábulas, cantares de cego, contos minúsculos, adiviñas, contos-canción...!

Como se dun Bestiario se tratase, esta sesión de contacontos é unha colección de relatos que amosan a grande variedade, orixinalidade e riqueza da literatura infantil e da tradición oral.

O obxectivo é espertar a curiosidade polos libros, por “mergullarse” nos estantes da biblioteca e dar a coñecer os contos tradicionais e os contemporáneos.

Apoiando a narración empregamos os seguintes recursos: franelógrafos, bonecos e monicreques, historias de cordel e monovocalismos.

### OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura.
- Animar á escoita de historias.
- Espertar a curiosidade polos libros.
- Coñecer contos tradicionais e contos contemporáneos.

### DURACIÓN

40 minutos.

### TEMPORALIZACIÓN

Semanas anteriores e posteriores ao 2 de abril.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido a nenas e nenos desde 3 a 9 anos dos centros de ensino público que o soliciten. Ten diferentes formatos para cada idade.

### ACTIVIDADES

Contacontos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ DÍA DO LIBRO

### DESCRIZACIÓN

Conmemoración do Día do Libro.

### OBXECTIVOS

- Presentar obras de Cervantes.
- Dar a coñecer obras e escritores/as que recibiron o Premio Cervantes.
- Promover a lectura entre os adolescentes, mozos/as e adultos/as.
- Difundir obras de creación literaria que hai nas bibliotecas.
- Aumentar o coñecemento sobre diversas/os escritoras/es.

### TEMPORALIZACIÓN

Mes de abril.


### DESTINATARIAS/OS

Adolescentes, mozas/os e adultas/os.



## ACTIVIDADES

- Mostra de diversas edicións da obra de *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*.
- Exposición de obras de Cervantes.
- Exposición de obras de autores/as que reciben o Premio Cervantes.
- Realización de diversas actividades de promoción da lectura.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ LAS INGENIOSAS DEL HIDALGO: EL QUIJOTE EN VOCES DE MUJERES

A cargo de Soledad Felloza

### DESCRIPCIÓN

A actriz Soledad Felloza relata neste espectáculo varios monólogos curtos nos que se dramatizan diferentes personaxes femininos da obra de Cervantes. Narra diversos capítulos de “El Quijote” nos que as mulleres teñen certo protagonismo:

Quiteria, que en plena voda con Camacho o rico, lembra o seu amor a Basilio, o pobre.

A pastora Marcela, na que destaca o seu discurso co que finalizaba as charlas cos seus namorados.

Claudia Jerónima Cervantes, na que está personalizada a liberdade da muller, con límites tan amplos nos que cabe un erro tan grave como a morte.



### OBXECTIVOS

- Promover a lectura do magnífico libro El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha.
- Difundir a obra de Miguel de Cervantes Saavedra.
- Achegar a lectura dos clásicos aos mozos e mozas.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN


Realizaranse actuacións preferentemente no mes de abril.

### DESTINATARIAS/OS

Para o alumnado de 4º de ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Narración oral.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ CERVANTES VS SHAKESPEARE

A cargo do actor e contador de contos Caxoto

### DESCRICIÓN

Estes dous autores foron o reflexo dun período de gran relevancia para a humanidade: o Renacemento.

Unha época onde o ser humano se fai consciente da súa realidade e capacidades. Unha época onde o pensamento e a ciencia asumirán un papel relevante desde o escurantismo da Idade Media e cara ao racionalismo da Ilustración. Unha achega a esta etapa histórica desde a vida e a obra destes dous personaxes así como de contos e lendas deste tempo.

Escribir un libro é unha tarefa moi complexa. A esa tarefa entrégase o noso protagonista tomando como guía e modelo os dous máis grandes escritores de todos os tempos: Miguel de Cervantes e Willian Shakespeare.

A través dunha viaxe polas súas vidas e obras coñeceremos o tempo que lles tocou vivir, quen foron os seus coetáneos, que incógnitas rodean as súas vidas... Unha viaxe aos tempos de Alonso Quijano, Romeo e Xulieta, Rincónete e Cortadillo... Unha viaxe ao Século de Ouro.

### CARACTERÍSTICAS

Recréase unha galería dun museo na que atoparemos os retratos dalgunhas das máis importantes personalidades. Neste contexto atoparemos un frustrado escritor vestido ao estilo do Século de Ouro que interactúa cos personaxes dos cadros mentres conta quen foron e que fixeron.

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura.
- Dar a coñecer as figuras de Cervantes e de Shakespeare.
- Fomentar a imaxinación.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

Meses de febreiro a xuño.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixida ao alumnado de ensinanza primaria dos centros de ensino público que a soliciten. En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos.

### ACTIVIDADES

Narración oral.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### ◆ DÍA DAS LETRAS GALEGAS ESCRITOR HOMENAXEADO NO ANO 2019: ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS

Mestre de historia e xeografía, don Antón Fraguas, levou por diante a máxima de “Aprender a aprender”.

E así percorreu o territorio de Galicia, impartindo clases e recollendo contos, lendas, cantigas, usos medicinais, os traxes tradicionais, os xogos infantís, as festas populares e as romarías...

Namoraba os alumnos e alumnas coa palabra chea de tenrura e paixón.

Gustaba das clases fóra da aula, nos parques, museos, castros e mámoas.

Coa súa natural simpatía convertía as clases en divertimentos adobiados de anécdotas, refráns e ditos precisos.

Na súa abondosa obra investigou e tocou diferentes áreas, podemos falar de moitos “Fraguas”.



E cada un deles deixou estudos, artigos e obras escritas, o xeógrafo, o arqueólogo, o historiador, o biógrafo e principalmente o etnógrafo.

Fundador, xunto a Risco, Valverde e outros da Escola de Etnógrafos Galegos.

Foi fundador e o primeiro director do Museo do Pobo Galego, onde impulsou obras e reformas no edificio, para albergar a maior cantidade posible de material etnográfico, creando as salas dos oficios, do mar, do campo e da arquitectura popular.

Ao mesmo tempo organiza a biblioteca do museo con fondos propios e a doazón das bibliotecas de Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite e a totalidade “dos seus tesouros”, como chamaba aos libros.

No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, no ano 1956, para ocupar a cadeira que quedou vacante ao falecer Castelao, despois de honrar a figura deste insigne escritor, lembrou as cantigas e as coplas da súa terra, Cotobade.

### DESCRIPCIÓN

Conmemoración do Día das Letras Galegas, dedicado no ano 2019 ao escritor Antón Fraguas.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a biografía e a obra do escritor Antón Fraguas.
- Promover a lectura de obras de Antón Fraguas e doutros/as autores/as galegos/as.
- Difusión das letras e cultura galegas.
- Aumentar o coñecemento sobre escritores/as galegos/as.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a maio.

### DESTINATARIAS/OS

Todas as idades.


### ACTIVIDADES

- Programación de actividades baseadas nas súas obras.
- Exposición de obras escritas por Antón Fraguas e sobre o autor.
- Exposición de obras de escritores/as aos que se lles dedicase o Día das Letras Galegas.

- Realización de diversas actividades de promoción da lectura en galego: encrucillados, marcapáxinas, etc.

Para conmemorar este día programamos varios actos:

- Conferencia divulgativa sobre a vida e a obra de Antón Fraguas. Dirixida a alumnado de ESO e de bacharelato. A data e a persoa conferenciante anunciarase nos primeiros meses de 2019.
- Actividades de narración oral e contacontos



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### ◆ ROSEIRAS E PAXARIÑOS

Espectáculo de narración oral

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

#### DESCRIBIÓN

Nas festas do Nadal, Entroido, magostos ou nas romarías, os nenos e as nenas xogaban e contaban.

*Señora María,  
Señor Manuel,  
castañas asadas  
e viño con mel*

...

Cada tempo das persoas, das vilas e das cidades, ten os seus versos, as súas historias.

*A miña dorna pequena  
é como o berce dun neno;  
cando o mareiro me arrola  
como un meniño adormezo.*

Cacholiñas, botóns, que non che toque..., xogos perdidos na memoria de hoxe en día.


Imos contar as historias, imos xogar, para non esquecer!

#### OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a biografía e a obra do escritor Antón Fraguas.
- Difusión das letras e cultura galega.
- Promover a lectura de obras en galego.
- Valorar o noso pasado e a nosa historia.
- Fomentar o coñecemento da etnografía e tradicións galegas.

#### DURACIÓN

50 minutos.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a maio.

### DESTINATARIAS/OS

Alumnado de educación infantil e ensinanza primaria. En función da idade a contadora ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

**Espectáculo para educación infantil:**

Máximo 50 alumnos/as. Actividade con xogos que require espazo sen cadeiras.

**Espectáculos para ensinanza primaria:**

- Alumnado de 1º, 2º e 3º curso. Contos xogos e lendas da Galicia Máxica.
- Alumnado de 4º, 5º e 6º curso. Oficios, cantigas e filandóns.

### ◆ DO TEU XARDÍN... MARABILLA LITERATURA ORAL DE GALICIA

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

*Algún día era eu  
do teu xardín marabilla*

...

### DESCRIPCIÓN

Os contos e as lendas debuxan o mapa do imaxinario de Galicia.

Cando os traballos precisaban da participación da comunidade, vendima, malla, sega, moenda... homes, mulleres e nenos/as convivían por días.

Compartían xantares, tarefas, risos e cantos.

Os fíos da memoria alixeiraban as horas.

*Viva, viva quen me axuda,  
viva quen me está axudando,  
vivan os señores todos  
que me están acompañando.*

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

E despois dos traballos chegaban os tempos da festa. A festa na aldea ten sempre algo de misterio. *“Hai que aguantar a noite, fuxir das encrucilladas e camiñar ás escuras polos fondos camiños e carreiros que a ilusión fai longos e tristes ou curtos e ledos. Agora xa é historia todo canto se diga do serán nas aldeas, poucos lembran a pandeireta i o candil o fachico e o farol, a parranda e as coplas que dependían as rapazas sentadas no escanil da cociña para alegrar as festas”.*

Unha historia que coñecer.

### OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a biografía e a obra do escritor Antón Fraguas.
- Difundir as letras e a cultura galega.
- Promover a lectura de obras en galego.
- Valorar o noso pasado e a nosa historia.
- Fomentar o coñecemento da etnografía e tradicións galegas.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a maio.

### DESTINATARIAS/OS

Alumnado de ESO. En función da idade a contadora ten distintos formatos.

### ACTIVIDADES

Espectáculo de narración oral.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### ◆ ANTÓN FRAGUAS:

#### A MEMORIA DUN POBO

A cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira

#### DESCRICIÓN

Peza de narración oral na que se mestura a vida de Antón Fraguas con relatos da cultura campesiña, as festas e as romarías populares, as cantigas, as crenzas e os costumes que aparecen nas súas obras.

#### OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a biografía e a obra do escritor Antón Fraguas.
- Difusión das letras e da cultura galega.
- Promover a lectura de obras en galego.
- Valorar o noso pasado e a nosa historia.
- Fomentar o coñecemento da etnografía e tradicións galegas.

#### DURACIÓN

50 minutos.

#### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a maio.

#### DESTINATARIAS/OS

Alumnado de ESO. En función da idade o contador ten distintos formatos.

#### ACTIVIDADES

Espectáculo de narración oral.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### ◆ AS LETRAS DAS LETRAS

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

### DESCRIPCIÓN

O Día das Letras Galegas celébrase desde o ano 1963. Desde aquela, os nomes máis senlleiros das Letras de Galicia xa foron conmemorados. Porén, moitos deles son pouco coñecidos polo público adolescente.

Este espectáculo pretende aproximar as grandes figuras homenaxeadas no Día das Letras desde o ano 1963 ao 2000, facendo unha homenaxe “á carta”, cunha escolma de textos recitados ou narrados dunha selección destes autores e autoras.

1963 - Rosalía de Castro

1964 - Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

1965 - Eduardo Pondal

1967 - Manuel Curros Enríquez

1976 - Ramón Cabanillas

1979 - Manuel Antonio

1980 - Alfonso X el Sabio

1981 - Vicente Risco

1987 - Francisca Herrera Garrido

1988 - Ramón Otero Pedrayo



1989 - Celso Emilio Ferreiro

1991 - Álvaro Cunqueiro

1992 - Fermín Bouza Brey

1993 - Eduardo Blanco Amor

1994 - Luis Seoane

1995 - Rafael Dieste

1997 - Ánxel Fole

2000 - Manuel Murguía

A nómina de autores/as seleccionados/as para cada sesión pode coordinarse previamente co profesorado.

O espectáculo tamén pode facerse monográfico sobre:

Rosalía de Castro, Alfonso Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste e Ánxel Fole.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de libros en galego.
- Dar a coñecer autoras/es aos que se lles dedicase o Día das Letras Galegas e as súas obras.
- Fomentar o coñecemento da lingua e a cultura galega.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a maio.

### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten. En función da idade do alumnado a contadora ten diferentes formatos. O contido axústase á idade do alumnado de cada sesión.

### ACTIVIDADES

Nesta proposta pode recollese narración oral, recital de poesía, teatro...

### ◆ O CARTEIRO EN BICICLETA

A cargo do actor e contador de contos Caxoto

### DESCRIPCIÓN

Buscamos desta maneira levar o público nunha viaxe evocadora á busca das nosas raíces desde a proximidade das emocións, as historias coñecidas, a palabra mil veces escoitada, o verso lembrado. Este espectáculo quere condensar nun suspiro algunhas das esencias da nosa literatura facendo un percorrido nas dúas rodas polas autoras e autores homenaxeados co Día das Letras Galegas.

Achega a algunhas das personalidades máis importantes e interesantes da literatura galega nunha viaxe a través das persoas homenaxeadas co Día da Letras Galegas. Desta maneira pasaremos de vagar pola poesía de Rosalía, pola retranca doce e amarga de Castelao, a enxebreza de Celso Emilio Ferreiro, a narrativa de Ánxel Fole, a sensibilidade de Pimentel, a xeografía chairega de Manuel María, a exquisitez de Carlos Casares... ata chegar aos nosos días coa vida e obras do homenaxeado Antón Fraguas.

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### OBXECTIVOS

- Promover a lectura de libros en galego.
- Dar a coñecer autores/as aos que se lles dedicou o Día das Letras Galegas e as súas obras.
- Valorar as letras e a cultura galegas.

### DURACIÓN

1 hora.

### TEMPORALIZACIÓN

De febreiro a maio.


### DESTINATARIAS/OS

Dirixido ao alumnado de 3º a 6º curso de ensinanza primaria e 1º e 2º de ESO dos centros de ensino público que o soliciten.

En función da idade do alumnado o contador ten diferentes formatos. É un espectáculo vivo que ao partir de fontes literarias tan variadas pode cingirse á idade que máis interese.

### ACTIVIDADES

Nesta proposta recóllese recital, música en directo, teatro, conto fantástico, relato de misterio, poesía... todo tecido co fío da narración oral e da palabra dialogada.



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ◆ ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

Felipe Criado, Luis Seoane e Rosalía Mera

### DESCRIPCIÓN

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e institutos de Oleiros.

Consistirá no recorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron ou que tiveron algunha relación con estas persoas ilustres, como unha homenaxe a todas elas. Este ano o roteiro estará dedicado ao pintor Felipe Criado, ao pintor e escritor Luis Seoane e á empresaria Rosalía Mera.

### OBXECTIVOS

- Dar a coñecer diferentes persoas ilustres que viviron no Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento de patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.

### DURACIÓN

Aproximadamente 4 horas.

### TEMPORALIZACIÓN

Durante o curso escolar.

### DESTINATARIAS/OS

O folleto e a presentación destas persoas e lecturas realizarao alumnado de institutos de Oleiros, dirixido polo seu profesorado.

Poderán participar no roteiro o alumnado de 6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato dos centros de ensino público que o soliciten.

### ACTIVIDADES

Realización dun folleto explicativo sobre estes lugares e personaxes.

Roteiro cultural e literario polos diferentes lugares mencionados na descrición.





# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ACTIVIDADE

Homenaxe a Xabier P. DoCampo

Viaxando pola noite

Cando petan na porta pola noite

Cun ollo aberto e...

Contos de medo que deixan durmir

Un conto de tres noites

A nena do abrigo de astracán

Planeta Christine

Chove miudiño

Cantando con Rosalía

Voar sen medo

De leria con Castelao

O corazón delator e outros contos

Contos de candil que ninguén cre

De Fole a Miranda

Campos de Castilla

Contos escollidos

La voz a ti debida

Cen anos de maxia

Do fantástico ao neo fantástico: Julio Cortázar

Poesía e teatro de Federico García Lorca

## CURSOS OU IDADES

5º e 6º curso de ensinanza primaria, 1º e 2º de ESO

5º e 6º curso de ensinanza primaria, 1º e 2º de ESO

Ensinanza primaria

5º e 6º curso de ensinanza primaria, 1º e 2º de ESO

De 3º a 6º curso de ensinanza primaria

3º e 4º curso de ESO e bacharelato

Ensinanza primaria

Ensinanza primaria

5º e 6º curso de ensinanza primaria, 1º e 2º de ESO

De 4º a 6º curso de ensinanza primaria

ESO

ESO e bacharelato

5º e 6º curso de ensinanza primaria e ESO

ESO e bacharelato

Bacharelato

ESO e bacharelato

ESO e bacharelato

ESO e bacharelato

Bacharelato

ESO e bacharelato

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ACTIVIDADE

Miguel Hernández – Poesía  
XXVIII Campaña de promoción da lectura  
Saltón no camiño e outras historias de ratiños  
Rato canguro  
Mans  
O paroleiro  
Cores e persoas  
O pucheiro da señora Emilia  
Avó  
Continentes  
Oficina de obxectos perdidos  
Xeografía máxica europea  
A Odisea  
Obradoiros de ilustración  
Micro-BD  
Sensacións debuxadas: debuxando cos cinco sentidos  
A B C debuxario  
Talleres de banda deseñada  
Viaxe en viñetas  
Encontros con escritores/as  
Espectáculo poético visual con Yolanda Castaño

## CURSOS OU IDADES

Bacharelato  
Educación infantil e ensinanza primaria  
Educación infantil  
4 e 5 anos  
De 3 a 9 anos  
De 4 a 9 anos  
De 6 a 7 anos  
1º e 2º curso de ensinanza primaria  
Ensinanza primaria  
Ensinanza primaria  
Ensinanza primaria  
3º e 4º curso de ensinanza primaria  
5º e 6º curso de ensinanza primaria  
De 3º a 6º curso de ensinanza primaria  
6º curso de ensinanza primaria, 1º e 2º de ESO  
De 3º a 6º curso de ensinanza primaria  
6º curso de ensinanza primaria, e de 1º a 4º de ESO  
5º e 6º curso de ensinanza primaria e ESO  
4º de ESO e bacharelato  
Ensinanza primaria (a partir de 3º curso), ESO e bacharelato  
ESO e bacharelato

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

## ACTIVIDADE

Fogóns poéticos: taller de poesía

O bo, se breve... Achegamento á microficción

Pártome e móndome: os textos humorísticos

Enxeñería teatral. Taller de escritura

Visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda

A favor da igualdade: Contos contados con todas e todos

Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil

Animaliños

Contiario

Día do Libro

*Las Ingeniosas del hidalgo: El Quijote en voces de mujeres*

Cervantes Vs Shakespeare

Día das Letras Galegas. Escritor homenaxeado: Antón Fraguas

Conferencia divulgativa sobre vida e a obra de Antón Fraguas

Roseiras e paxariños

Do teu xardín... *marabilla*

Antón Fraguas: A memoria dun pobo

As Letras das Letras

O carteiro en bicicleta

Roteiro cultural e literario

## CURSOS OU IDADES

4º de ESO e bacharelato

3º e 4º de ESO e bacharelato

Bacharelato

2º de bacharelato

5º e 6º curso de ensinanza primaria e ESO

Ensinanza primaria

Educación infantil e ensinanza primaria

Ensinanza primaria

De 3 a 9 anos

Adolescentes, mozos/as e adultos/as

4º de ESO e bacharelato

Ensinanza primaria

Todas as idades

ESO e bacharelato

Educación infantil e ensinanza primaria

ESO

ESO

5º e 6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato

De 3º a 6º curso de ensinanza primaria, 1º e 2º de ESO

6º curso de ensinanza primaria, ESO e bacharelato